

APROXIMACIÓN Á ARQUITECTURA BARROCA DO NORTE DE PORTUGAL

*Javier Fernández Puga**
Colexio Padre Feijoo
Allariz


INTRODUCCIÓN

A arquitectura barroca do norte de Portugal ocupa un espazo xeográfico moi próximo pero non por iso mellor coñecido. Iniciada no ámbito hispánico axiña avanzou por un camiño autónomo. O emprego do granito, un material común con Galicia, e o intercambio de artistas entre ambas as dúas rexións, deulle certas afinidades aparentes.

Foi o Barroco un estilo que percorreu amplos espazos. Desde os seus comezos en Roma uniu o seu destino ás necesidades do Concilio de Trento. Se ben se estendeu ata Rusia e foi adoptado incluso pola burguesía protestante, a súa esencia é de forte base rural. O seu carácter suntuario faino dependente de certa prosperidade económica e estabilidade social. O éxito que tivo en Italia non puido espallarse a Centroeuropa ata finalizada a Guerra dos Trinta Anos. En Portugal, país católico e rural e polo tanto favorable á Contrarreforma, os condicionamentos económicos e a chegada de artistas italianos van ter un papel fundamental no seu desenvolvemento.

O Gótico experimentara unha importante mutación nos tempos de D. Manuel, na época dos Descubrimentos. A chegada de enormes cantidades de especias a comezos do século XVI melloraran as arcas do país. Coa participación de elementos do Flamíxero e mais da arte mourisca deu lugar ó Manuelino. Se o Barroco é propenso á suntuosidade ornamental, con aspectos que lle son comúns como o dinamismo, a luz e a sombra, o Manuelino, e o seu gusto polo fantasioso, constituía un bo fundamento para o posterior desenvolvemento de manifestacións plásticas similares. É un feito significativo que Eugenio D'Ors, nunha das xuntanzas celebradas en Pontigny con fin de clarear o concepto de Barroco, defendese a tese de que este termo é un eón que se repite en todas as épocas e que a ventá do convento do Cristo de Tomar contiña todas as características do estilo. O Manuelino para D'Ors sería o primeiro Barroco europeo. Aínda que non temos por que estar de acordo coa súa afirmación, non por iso Victor Tapié a rexeitou plenamente, posto que era innegable que Portugal estaba en condicións favorables para aceptar este

* Profesor de Ciencias Sociais



Ventá do Convento de Cristo (Tomar). Para Eugenio d'Ors é a primeira manifestación do estilo barroco en Europa.


novo estilo caracterizado pola complexidade das súas formas. Non obstante, a linearidade Manuelino-Barroco non debe ser entendida en sentido estricto xa que pasará por diversas etapas.

O PROTOBARROCO

En contraste coa riqueza ornamental do Manuelino, comenza a arquitectura barroca no país veciño a finais do século XVI cunha propensión á desornamentación que co tempo irá evolucionando cara a unha maior complexidade ata desembo-

car nun exuberante século XVIII. Rematado o século XVI e iniciándose o XVII, baixo o reinado de Filipe II, Portugal permanece estilisticamente no ámbito hispánico. A esfera artística está dominada por un italiano, Felipe Terzi, que traballará en Portugal desde 1576 ata 1597 e o reinado de Filipe II é relativamente tranquilo ata 1620. Mellora a economía, a administración e o progreso material, o que favorece unha maior edificación. Terzi acode chamado por esta prosperidade e desenvolve un estilo desornamentado, próximo a Vignola ou Herrera. Descrito por George Kluber no seu libro *Portuguese Plain Architecture* como *plain style* ou *estilo chão*, caracterízase pola súa nudez, a falta de relevo e a escasa presenza da liña curva. As igrexas adoptan a forma dun gran caixón que pode dispor de capelas laterais sobre as que aparecen ventás, en ocasións a modo de balcóns. A esta nave, en palabras de Chueca Goitia, engádeselle telescopicamente un presbiterio ou altar, dando lugar a un esquema repetido no país ata un extremo pouco común. En concreto, vese a man dos xesuítas que tiveron un papel destacado na arquitectura relixiosa do século XVII e que preferían plantas que axudasen á predicación e, en consecuencia, ás súas ensinanzas. A obra de Terzi cinguese especialmente a Lisboa e aínda que traballou algo na área que nos ocupa, serán os seus seguidores os que leven as súas ensinanzas ó norte. Aquí desenvolverase a partir de entón un Barroco singular con dous centros importantes, Porto e Braga, e con extensións en Guimarães, Lamego, Vila Real ou Viana do Castelo. Mentres, o sur entraría no ámbito italo-xermánico da

man do arquitecto alemán Ludwing ó iniciar o pazo-convento de Mafra. O país emprendía dous camiños artísticos ben diferentes, o do norte moito máis orixinal.



Igrexa dos Grilos (Porto). Exemplo de estilo chão caracterizado pola ausencia de adobíos. Presenta frontóns partidos nos que introduce obeliscos segundo o gusto flamengo.

Comeza este Barroco pola cidade do Porto e máis concretamente no convento da Serra do Pilar, onde João López e Jerónimo Luis realizan o claustro en 1576-1583 e a igrexa en 1598. Adopta a planta de igrexa-caixón pero neste caso

con forma circular, capelas laterais e ventás sobre elas e co altar engadido nun extremo, segundo o esquema definido por Kluber. Desta época temos un magnífico exemplo na igrexa de San Lorenzo, tamén coñecida coma Os Grilos, que, iniciada en 1573, dispón dunha soberbia fachada construída en 1622 da que se descoñece o seu autor. Presenta tres eixes separados por pilastras, entre os que destaca o central, máis alto, mentres os laterais introducen obeliscos nos seus frontóns partidos seguindo o gusto flamengo. Pensemos que o virrei de Portugal con Filipe II fora nomeado Gobernador dos Países Baixos. O Barroco galego puidera estar en débeda con esta obra polo seu marcado relevo e a presenza de dúas grandes volutas no segundo corpo, elemento frecuente na plástica galega. Por outra banda, o seu parecido coa Sé Nova de Coimbra é indubidable. Aínda outra igrexa nesta cidade, São João Novo, presenta as mesmas características pero máis acusadas.

Seguidores de Terzi, esta vez si coñecidos, Baltasar Alves e Diego Marques, comezan a deixar atrás a moderación do italiano. Así, Diego Marques realiza no Porto a igrexa de San Bento da Vitoria, cunha fachada dotada dunha gran superficie na que alterna dobres pilastras e ventás con frontóns rectos e curvos. A presenza de animados pináculos parecen querer romper coa escaseza de adobíos anterior. Baltasar Alves encárgase de engadir a capela maior na catedral en 1606, consistente nunha bóveda de medio canón cunha composición colorista ó alternar granito e mármore.

Segundo avanza o reinado de Filipe II, a prosperidade vai declinando. As minas de prata españolas mostran síntomas de esgotamento e o imperio vese implicado en numerosos conflitos. Os reinados de Filipe III e Filipe IV somerxen a Portugal nunha situación económica caótica. As súas colonias na India atopábanse en condicións lamentables mentres a costa de Guinea estaba dominada polos estranxeiros. Un informe de 1657 mostraba unha facenda en bancarota e a reforma económica que se levou a cabo fracasou. Á falla de capitais engádesse a de materias primas e unha desorganización xeral polo que a actividade construtiva entrou nunha fase de retardamento. A busca de ouro no Brasil durante máis dun século non dera os resultados esperados. Por outro lado, a competencia internacional e os ataques frecuentes dificultaban o comercio coa colonia.

Durante moito tempo, Portugal dispuxera de factorías no Brasil sen avanzar no dominio do continente, polo que só se dominaba a costa. A capital, Salvador, mantiña unha gran similitude arquitectónica co *plain style* da metrópole. Un feito lle deu un xiro enorme a toda esta situación, o descubrimento de ouro a finais do século XVII en Minas Gerais. Era ouro de aluvión que se recollía na superficie. Este achado foi un revulsivo en ambas direccións xa que lle forneceu unha enorme riqueza a Portugal e provocou unha grande emigración cara a esa rexión brasileira. É neste contexto no que se desenvolveu no norte de Portugal un Barroco que poderíamos cualificar de serodio, moito máis dinámico, e que tamén deixou no

Brasil obras de extraordinaria orixinalidade, como a igrexa de San Francisco en Ouro Preto, atribuída ó Aleijadinho.

Portugal coñeceu un excepcional século XVIII ata o punto de que marcou en gran medida a súa fisionomía arquitectónica. Desde igrexas a casas nobres, pasando por pazos e mosteiros, todo participa deste período de prosperidade que encarna o rei Xoán V de Braganza (1706-1750). O seu longo reinado e a riqueza afluente do Brasil facilitaron un século fecundo para as artes. Estímase que puideron chegar máis de dúas mil toneladas de ouro, ó que se lle suman as minas de diamantes descubertas a partir de 1730. Na colonia xorden extraordinarios edificios barrocos, hoxe recoñecidos pola Unesco como Patrimonio da Humanidade en cidades de nova creación como Ouro Preto, Sabará, Mariana ou São João d'El Rei. Ó ouro de Minas Gerais engádenselle novos descubrimentos auríferos en Goiás e Mato Grosso. Na metrópole increméntanse as construcións suntuarias e a corte de Xoán V absorbeu gran parte destas riquezas polo que o resto da poboación non viu moitos progresos. Deixando de lado as grandes obras que ordenou o monarca en Lisboa e arredores (pazo-convento de Mafra), foi no norte do país onde se manifestou unha maior orixinalidade. Antigas igrexas góticas toman un novo aspecto ó se veren revestidas de traballos dourados. A madeira, preferentemente o castiñeiro, escúltese e dourase dando lugar ó que se coñece como *talha*. Lévanse a cabo magníficos retablos nos que se instalan altares escalados en forma de troncos.

O BARROCO PLENO

PORTO



O interior da *Igrexa de San Francisco* (Porto) mostra unha exuberante *talha dourada* que oculta a súa fisionomía gótica.

No Porto destacan tres igrexas: San Francisco, Santa Clara e San Pedro de Miragaia. A primeira é de estrutura gótica mentres que as outras responden ó modelo de igrexa-caixón. As tres foron revestidas con talha dourada dunha abundancia que recorda os exemplos que se poden atopar no Barroco mexicano. A igrexa de San Francisco é un templo gótico iniciado en 1245. Dispón de tres naves, das que a

central é a máis alta. Esta foi recuberta de talla nos séculos XVII e XVIII o que ocultou a súa fisionomía medieval. No seu interior acolle a *Árbore de Xesé* esculpida por Felipe de Sousa e Antonio Gómez en 1718, unha das cimas da escultura barroca portuguesa. Outros retablos como os da Nossa Senhora do Socorro e Nossa Senhora da Rosa foron deseñados polo arquitecto Francisco de Conto e Acevedo e realizados por Manuel de Costa e Andrade en 1743. As familias nobres escolleran



Igrexa de Santa Clara (Porto). Destaca o seu teito ou *forado*, contribución singular do barroco portugués.

este lugar para os enterramentos e contribuían ó seu esplendor. Santa Clara era tamén unha igrexa gótica fundada por Xoán I en 1416, á que se accede por un portal renacentista de 1697. Reformada na primeira metade do século XVIII, dispón dunha única nave que segue o modelo de igrexa caixón con altar telescópico. Destacan os retablos, o teito do altar e a capela maior, todo realizado en talla. O coro alto recóbrese con casetóns nos que follas e flores poñen un especial colorido oriental. Unha nota máis de cor é ofrecida, así mesmo, polos azulexos do dezaeito.

A igrexa de San Pedro de Miragaia, máis modesta en tamaño, repite o esquema de igrexa-caixón, mentres que a talla se reduce á capela maior que aparece revestida cun notable efecto.

A combinación de talla dourada e o azul dos azulexos proporcionará unha das grandes creacións propias de Portugal, matizando a austeridade que nun principio impoñía o rigor xeométrico da igrexa-caixón.

Sen embargo a gran figura do barroco portugués, Nicola Nasoni (1691-1773), estaba aínda por deixar a súa enorme pegada. Procedente da Toscana chegou a Portugal no verán de 1725 desde a illa de Malta, lugar no que estaba a traballar. Nasoni, pintor, decorador e arquitecto, levou a cabo monumentos tanto civís como relixiosos e, por se fose pouco, exerceu unha grande influencia noutros artistas locais, creando unha auténtica escola. Nasoni tivo a importante tarefa de ordenar o panorama artístico, e ninguén mellor ca el soubo materializar no granito o aprendido en Italia e adaptalo ó gusto da rexión. Pasa os primeiros anos como pintor e decorador realizando murais na catedral do Porto, teitos na catedral de Lamego e na igrexa da Cumeeira. As súas primeiras obras arquitectónicas non son fáciles de distinguir das de Antonio Pereira, outro importante arquitecto do momento. O primeiro traballo do que se encargou foi a igrexa dos Clérigos (1732-1748). Esta edificación é un conxunto dividido en tres partes: igrexa, hospicio e torre. Disposta nunha rúa estreita e con certa inclinación, Nasoni optou por unha



Igrexa dos Clérigos (Porto), primeira obra realizada polo toscano Nicola Nasoni.

planta oval mentres elevaba a fachada sobre unha escaleira monumental. A fachada, dividida en dúas partes, presenta dúas grandes ventás que iluminan o seu interior. Xogos de pilastras dividen os panos nos que aparecen fiestras máis pequenas e nichos con imaxes. A decoración do imafrente vaise complicando a medida que se ascende ata rematar nun animado frontón que garda gran similitude co que Carlo Rinaldi realiza en Roma na igrexa de Santa María in Campitelli. A Torre, situada no lado oposto, foi rematada en 1758 e nela destaca o emprego que soubo darlle ó granito para que producise unha imaxinativa decoración.

Outro traballo moi significativo de Nasoni foi a fachada da igrexa da Misericordia realizada en 1750 e onde concentra toda a súa expresividade barroca.

En canto á arquitectura civil hai que destacar o pazo do Freixo, excepcional edificación que se atopa en Campanha, nas aforas do Porto, construído polo toscano para a poderosa familia dos Noronha. Aquí volve executar toda a súa linguaxe artística: balaustradas, escalinatas, frontóns, torres..., que dan lugar a un edificio dunha gran singularidade.

A actividade de Nasoni non se limitou ó seu traballo como arquitecto. Os seus colaboradores souberon asimilar as súas ensinanzas e facer máis prolífica a súa obra. Así, Antonio Pereira, que chegara ó Porto para ocuparse da catedral en 1719, procedía da zona de Lisboa, onde traballara na primeira fase do pazo-convento de Mafra, e comezou como mestre canteiro facéndose cargo dos traballos na igrexa dos Cregos en 1732, pasando logo a realizar en 1746 a igrexa de Nossa Senhora da Esperanza, moi probablemente sobre un proxecto de Nasoni. A Pereira débese o pazo de São João Novo que mostra unha singular fachada e escaleira interior. A súa obra espállase a outras partes do norte de Portugal como Lamego. Pereira destacaba na planificación e realización de retablos, dos que constitúe un bo exemplo o que se pode ver na igrexa do Bom Jesús de Barcelos.

En canto ó Pazo Espiscopal non hai unanimidade sobre se o seu autor puido ser Nasoni ou Pereira. Si sabemos que as pinturas da súa escaleira son obra de Na-

soni e tamén as que aparecen nas paredes das ventás da capela maior da catedral.

Máis cualificado parece estar outro discípulo seu chamado José Figueiredo de Seixas (1691-1773), quen executa, a partir de 1756, a igrexa dos Carmelitas no Porto, na que elabora unha fachada italianizante cunha gran riqueza ornamental moi na liña do seu mestre, a base de grilandas, balaustradas e esculturas. Todo isto vigorizado co emprego dun material tan duro como o granito. É admirable o seu amplo e movido frontón borrominesco.



José Figueiredo de Seixas, avantaxado alumno de Nasoni, dotou a *Igrexa dos Carmelitas* (Porto) dunha fachada de carácter italiano.

Outras obras barrocas de interese no Porto son a Casa do Cónego, que puido ser realizada por Pereira ou Nasoni, e a Casa do Despacho, esta si executada polo italiano. A igrexa da Orde do Terço é de 1759 e presenta unha destacada fachada pero descoñecemos o seu autor. Tampouco se coñece o artífice da igrexa de Santo Ildefonso de 1730, cuxa fachada carece de interese pero que no interior garda un curioso retablo deseñado por Nasoni. Por último, nos arredores da cidade, e influenciado por este Barroco portuense, temos a

igreja de São João da Foz do Douro que acolle unha abundante talla dourada. Influencia que tamén chegará a innumerables quintas e casas nobres que se erguen neste século tanto nos vales do Douro como nos vales miñotos. A rexión parece verse beneficiada ademais co Tratado de Methuen de 1703, que liberou as importacións entre Portugal e Gran Bretaña favorecendo o intercambio de téxtiles por viño. Así, dunha produción de 4.000 barrís a finais do século XVII, pasouse a unha de 44.000 a finais do XVIII. Este despegue económico favoreceu a edificación de casas patriciais das que son bos exemplos a Casa de Ramalde, a Quinta da Prelada, obra de Nasoni ou a Quinta de Bonjóia, se ben ningunha supera en audacia o Pazo do Freixo.

A influencia británica na cidade non só se fai patente no dominio do comercio do viño. Finalizado o século XVIII, desde alí chega unha corrente neoclásica que marcou o final desta brillante páxina barroca. Cara a 1770 John Carr iniciaba o Hospital de Santo Antonio e tamén unha nova etapa artística.

BRAGA

En paralelo á cidade do Porto, destaca a forte personalidade do Barroco bracarense. Ben coñecido por Germain Bazin, o que tantos anos fora conservador xefe do Museo do Louvre e home moi interesado pola arquitectura Barroca do Brasil colonial, prestoulle unha importante atención ó Barroco de Braga na revista da Academia de Belas Artes de Lisboa. Tamén admirado por Victor L. Tapié que, con motivo dun

congreso celebrado nesa cidade en 1973, tivo a ocasión de coñecerlo *in situ*. É unha arquitectura que manifesta unha grande orixinalidade e se atopa xa dentro da linguaxe do Rococó. Foi moi favorecida polo mecenado dos arcebispos da cidade e chegou a contar cunha verdadeira escola. Mentres no Porto as obras destacaban pola súa linearidade, en Braga prima a sinuosidade e a opulencia das formas. Lamentábase Chueca Goitia de que se descoñecesen os autores de obras tan singulares, pero estudos levados a cabo recentemente no Arquivo Ditristal de Braga permitiron coñecer os artistas de cuxas mans saíron tan magníficas realizacións. Ó mesmo tempo permitiu completar e revisar as conclusións ás que chegara Robert Smith, o grande investigador destas edificacións.



A Igreja de San Vicente inicia o estilo en Braga.

Iníciase o Barroco en Braga coa igrexa de San Vicente. De pequenas dimensións, foi construída en 1565 no lugar onde existía outra anterior. O seu aspecto actual débelle moito á reforma de 1691 e destaca a súa ornamentada fachada. En 1742, José Ribeiro Lago engadiulle a torre da cabeceira.

Máis interese ten a presenza dun arquitecto excepcional cara a mediados do século XVIII, André Soares (1720-1769). Á súa inventiva corresponden os deseños máis innovadores e sen paralelismos coñecidos na Península. A igrexa de Santa Maria Madalena da Falperra foi de lenta execución, encargada inicialmente en 1693 a Domingos da Silva foi substituído



Igrexa de Santa Madalena da Falperra (Braga). André Soares emprega a *rocalha* como forma de expresión.

en 1696 por Domingos Moreira e en 1699 por Manuel Fernández da Silva. A súa extraordinaria fachada realizouse en 1753 baixo a concepción de Soares e o labor dos canteiros de Barcelos, João Rodrigues e Domingos Álvares. Nun espazo admirable presenta dúas torres que non sobresaen máis alá do corpo central. A porta principal únese a unha ventá e esta a unha fornela, todo enmarcado por poderosas molduras e coroado por un frontón curvo. En 1758, sería o canteiro pontevedrés José Farto, exemplo de intercambio rexional de artistas, quen se encargaría dos tres patios segundo as ideas de Soares.

Pero a obra de Soares ten tamén unha dimensión civil na Casa do Raio e a Casa da Câmara. Ambas gardan unha estreita similitude e comparten a grande orixinalidade do seu deseño. A Casa da Câmara foi iniciada en 1753 por Francisco Mendes como Casa da Audiencia segundo un proxecto de Soares. En 1756, o galego José Farto, canteiro prolífico en Braga, realizaba as pedras de armas situadas enriba das portas das dúas salas superiores, sempre seguindo as ideas do arquitecto. Unhas fortes pilastras dividen a fachada en tres panos; ocupa a entrada o central cunha viva moldura sobre a que descansa unha fornela que, pola súa vez, enlaza cun frontón curvo.

Na Casa do Raio (1754-1756), tamén coñecida como do Mexicano, André Soares leva a cabo un esquema moi similar á anterior, aínda que cunha maior riqueza decorativa. Unhas dobres pilastras a cada lado enmarcan a fachada e as ventás envólvense cun destacado marco. Sobresaen a exuberante entrada e o balcón que sobre



Casa do Raio (Braga). André Soares realiza un edificio civil basicamente rococó.

esta se asenta. O palacete remátase cunha balaustrada na que son visibles grandes xerras e un pequeno frontón borrominesco no centro. O contraste entre a cor cinza do granito e o paramento vese mitigado ó atoparse este recuberto de azulexo azul, algo que non acontecía na Casa da Cámara, onde o cal branco permitía destacar o traballo da cantería. Germain Bazin ve nestas realizacións de Soares un gusto polo naturalismo e recoñéceo como creador dun estilo propio dentro do Barroco europeo.

Seguidamente, Braga entraría pola senda dun Barroco clasicista no que terá una gran responsabilidade Carlos Amarante, arquitecto local nacido en 1748. Este gusto máis contido é antesala do Neoclasicismo que se avexiña e garda un paralelismo co acontecido no Porto. Ademais, o Marques de Pombal, que leva a dirección do Estado, impono como oficial. Este academicismo é máis severo no Porto ca en Braga; onde se lle fan aínda certas concesións ó modelo anterior. Uns bos exemplos témolos no Hospital de San Marcos, na igrexa de Bom Jesús do Monte e no convento de Pópulo, todas elas obras de Amarante. No Hospital de San Marcos a súa fachada central arqueada, realizada en




Hospital de San Marcos (Braga), de Carlos Amarante. A súa fachada central curvada lembra as feitas por Erlach, Neumann ou Hildebrandt en Centroeuropa.

1788, recórdanos as igrexas que Neumann, Erlach ou Hildebrandt deixaron por Centroeuropa. A ornamentación das súas ventás, as balaustradas con esculturas e a presenza de flamos falan unha linguaxe barroca. Será a igrexa de Bom Jesús a que exprese un clasicismo máis definido. Iniciada en 1784 e rematada en 1811, presenta no seu interior unha planta de cruz latina. O clasicismo revélase na portada principal con catro columnas toscanas que soportan un longo balcón e teñen correspondencia con outras catro pilastras iónicas no corpo superior. Toda a súa decoración está contida e só se permiten algúns detalles como a colocación de flamos. Un notable exercicio de arquitectura paisaxística son as súas monumentais escaleiras con capelas e esculturas que gardan similitudes coas da Nossa Senhora dos Remedios, en Lamego. O traballo de Amarante, ó igual que acontecera con Nasoni, tivo unha enorme influencia na rexión. Como outra obra destacable en Braga, quédanos a igrexa do Pópulo, comezada no século XVI, a súa fachada foi transformada totalmente polo arquitecto bracarense.

GUIMARÃES

Moi preto de Braga atópase a cidade de Guimarães onde o século XVIII deixou interesantes edificacións. André Soares fíxose cargo da igrexa de San Gualter en 1769 (foi rematada no século XIX) realizando o corpo na que destacan a súas paredes ondulantes. Outras notables obras da localidade son as fachadas feitas na igrexa de San Domingo en 1770, no Convento da Costa e no Convento de Santa Clara (hoxe casa do concello). Hai que sinalar tamén a igrexa de San Francisco e o convento de Santo Antonio dos Capuchos, este con tallas e azulexos historiadados no seu interior. No Barroco civil de Guimarães temos o pazo de Vilaflor, iniciado no século XVII para a familia dos Carvalhos e decorado coas estatuas dos primeiros reis de Portugal e a soberbia fachada da Casa dos Lobos Machado da segunda metade do século XVIII.



Casa dos Lobos Machado en Guimarães.

LAMEGO

Máis cara ó interior desta rexión do norte de Portugal e seguindo o curso do Douro está a cidade de Lamego. Ó amparo das reformas do Marqués de Pombal

viuse moi beneficiada polo comercio do viño, nomeadamente coa Gran Bretaña. Esta prosperidade económica permitiu a reconstrución de igrexas e a edificación de casas nobres que toman elementos da arquitectura setecentista. Aquí volvemos ver as intervencións de Nicola Nasoni e do seu mestre canteiro Antonio Pereira. A catedral de Lamego viu reconstruído o seu corpo segundo o proxecto de Pereira en 1737. A non intervención directa de Nasoni privou o templo de mostrar a súa xenialidade xa que a obra de Pereira carece da orixinalidade do italiano. Rematada esta construción encárgase a Nasoni que



Pinturas en perspectiva de Nicola Nasoni, realizadas na *Catedral de Lamego* en 1737. Representan escenas do Antigo Testamento.

pinte o teito da bóveda, o cal realizou entre 1737 e 1738. Non era a primeira vez que Nasoni facía un traballo semellante xa que en 1724 pintara algúns dos teitos do pazo da Valeta, en Malta. As súas pinturas en perspectiva na catedral de Lamego presentan diversas pasaxes do Antigo Testamento e son pouco frecuentes en Portugal. A capela maior da catedral, que presenta unha correcta factura, foi deseñada en 1752 por un frade de Coimbra do que se descoñece o seu nome.



Igrexa da Nossa Senhora dos Remedios (Lamego).

Hai aínda outra edificación interesante por se tratar dunha fantástica arquitectura paisaxística, a igrexa de Nossa Senhora dos Remedios. Iniciouse en 1750 e en 1776 comezábanse as monumentais escaleiras que recordan as do Bom Jesús en Braga. Parece que o proxecto que atribuíu a autoría a Nasoni foi destruído nun incendio. A construción foi moi lenta polo que debemos pensar que unha parte dos seus motivos barrocos foran elaborados en épocas posteriores, aínda que non por isto deixa de ter unha innegable beleza. Presenta dous corpos, o primeiro con grandes pilastras que enmarcan distintas portadas, vans decorados e ventás adornadas con pinxantes. O segundo corpo apa-

rece delimitado por un forte cornixamento, dispón dun movido frontón sobre o que se apoian os catro evanxelistas e a cada lado érguense dúas esveltas torres realizadas en 1880 e 1905 respectivamente. Todo o conxunto está favorecido polo contraste entre o granito e o cal branco. O interior artículase ó redor dunha nave única con capela maior segundo o modelo máis frecuente no país. Neste conxunto monumental ou sacromonte chama a atención a grande escaleira. Certamente ten unha dimensión pouco común e nela podemos atopar fontes, capelas e patios entre os que sobresa o Patio dos Reis que, no seu centro, dispón dun obelisco sostido por atlantes. Non debemos abandonar a arquitectura relixiosa lamecense sen mencionar o Pazo Episcopal e a súa elegante fachada realizada en 1776.

Atendendo á arquitectura civil, e á sombra da prosperidade da exportación dos viños do Douro, son numerosas as casas nobres que se van construír no estilo "moderno". O gusto imperante no século XVIII marcou a fisionomía de moitas destas construcións. As características comúns son, en primeiro lugar, a combinación de granito e cal que proporcionaba un forte contraste e permitía unha mellor observación do traballo de cantería. O granito visualizábase preferentemente nas altas pilastras dos ángulos, nas grandes cornixas, nas ventás molduradas e tamén é frecuente a presenza de balaústres en pedra. No interior mostran notables teitos de castiñeiro. Cando teñen capela, esta sitúase nun extremo da fachada e adoita destacar por unha maior concentración decorativa. En Lamego sinálase a Casa das Brolhas de 1777 mentres que, por

todo o val do Douro, están espalladas moitas edificacións entre as que destacan a Casa da Soenga de 1779 e, situada en Resende, a Casa de Almendra; o Solar dos Alpains, en Rede; a Casa do Cabo, en São João da Pesqueira ou o Solar dos Lemos, en Vila Flor.

OUTRAS LOCALIDADES

Na localidade de Vila Real atópase o Solar de Mateus. Atribuído a Nasoni, foi levado a cabo entre 1739 e 1743 coa tradicional planta en U das vilas italianas. O pazo presenta dúas ás idénticas ó redor dun pequeno patio no que a fachada central acolle unhas suntuosas escaleiras. Disponse no tellado duns xigantescos pináculos que contribúen a facer máis elevado o edificio. Seguindo a tradición, colócase a capela nun extremo. Esta ten unha notable fachada que garda gran parecido coa igrexa dos Clérigos, tamén en Vila Real.


A medida que nos diriximos cara ó leste as construcións suntuarias do século XVIII diminúen en cantidade e calidade. En Mirandela atópase o pazo dos Távoras, familia caída en desgraza tras verse implicada nun frustrado intento de rexicidio. Componse de tres corpos, o central máis elevado pero todos rematados con frontóns curvos e volutas, ós lados dos cales se colocan enormes piñóns.

En Chaves aínda podemos contemplar unha interesante obra do setecentos, a igrexa da Misericórdia. Ten a característica pouco común en Portugal de mostrar oito columnas salomónicas na fachada distribuídas en dúas ordes. O interior, de nave única, está completamente revestido

de azulexo e destaca o teito de madeira (forado) pintado en 1743. Dentro de Chaves pódese mencionar, dentro do estilo que nos ocupa, a igrexa de São João de Deus, aínda que xa mostre algúns elementos neoclásicos.

Tamén en Viana do Castelo, deixou a súa pegada o grande artista bracarense André Soares, arquitecto dotado dunha notable creatividade. Levou a cabo a capela da Casa dos Malheiros en 1758, situada nun extremo como era frecuente neste tipo de edificacións e cunha rica fachada que contrasta coa austeridade do pazo. A portada da capela garda similitudes coas realizadas por Soares para a Casa do Raio e da Cámara en Braga. Unha exuberante ventá enlaza a dita portada co frontón. As pilastras que enmarcan a fachada aparecen rematadas por flameros, elemento moi recorrente na plástica barroca portuguesa. Soares aínda tivo tempo para ocuparse da capela do Rosario na igrexa de Santa Cruz así como da igrexa da Nossa Senhora da Lapa (1765), en Arcos de Valdevez. O comercio do azucre co Brasil primeiro, e do ouro despois, favoreceu unha renovación construtora na cidade e son moitas as obras en Viana que testemuñan aquela prosperidade.

Os vales entre o Miño e o Lima serán testemuñas da instalación de magníficos soares. Con marcadas torres nas esquinas, que amosan o contraste granito-cal, son bos exemplos o pazo de Calheiros e a Casa da Torre en Ponte de Lima ou o pazo da Gloria en Arcos de Valdevez. Entre eles sobresaie o pazo da Brejoeira. Dedicados ó comercio do viño, os seus propietarios levaron a cabo a construción



Pazo da Brejoeira (Monçã). Notable exemplo de solar miñoto.

máis suntuosa. Presenta unha torre en cada esquina e un destacado corpo central que enmarca a entrada. Na fachada vótase en falta unha maior altura, o que lle resta categoría. O seu interior é moi rico, amplas escaleiras, teitos decorados e mobles testemuñan o seu poder económico. Mateus, Brejoeira e Freixo son os pazos máis notables do norte de Portugal neste período.

Tras este percorrido pola arquitectura do norte de Portugal, vemos como, tras iniciarse nun Barroco clásico, avanzou progresivamente ata outro tardío ou Rococó, no que as obras se abrían á asimetría e á nova gramática proporcionada pola rocaila, as grilandas, as volutas ou as cunchas, convivindo ambos estilos en harmonía, ó contrario do que acontecía na Europa e fronte á penetración do Neoclasicismo que impuña o Marqués de Pombal.

BIBLIOGRAFÍA

- Bazin, G. (1950): "Reflexions sur l'origine et l'évolution du Baroque dans le Nord du Portugal", *Belas Artes*, 2ª série, 2, Lisboa, 3-15.
- ____ (1956): *L'architecture religieuse baroque au Bresil*, París, Librairie Plon.
- Borges, N. C. (1987): *História da arte em Portugal: do barroco ao rococó*, Lisboa, Alfa.
- Calado, M. (1999): "Barroco do norte, barroco do sul: algumas reflexões", en *Carlos Alberto Ferreira de Almeida. In memoriam*, Porto, Faculdade de Letras, vol. 1, 201-209.
- Chueca Goitia, F. (1963): *El estilo herreriano y la arquitectura portuguesa*, Madrid, Patrimonio Nacional.
- ____ (1985): *Barroco en Hispanoamérica, Portugal y Brasil*, Madrid, Dossat.
- Contreras, J. (Marqués de Lozoya) (1949): *Historia del arte hispánico*, Barcelona, Salvat.
- Duarte, E. A. (2000): *Carlos Amarante (1748-1815) e o final do Classicismo: um arquitecto de Braga e do Porto*, Porto, FAUP.
- França, J. A., e outros (1986): *Arte português*, Madrid, Espasa Calpe, Summa Artis, vol. XXX.
- García, J. M. (1984): *Estudios sobre história económica e social do Antigo Réxime*, Lisboa, Presença.
- Gonçalves, F. (1969): "Um século de arquitectura e talha no Noroeste de Portugal", *Boletim Cultural*, Câmara Municipal do Porto, 32 (1-2), 123-184.

- ____ (1973): *Entre o Douro e o Minho na arte do século XVIII*, Braga, Câmara Municipal.
- Gutiérrez, R. (1992): *Arquitectura y urbanismo en Iberoamérica*, Madrid, Cátedra.
- Hanson, C. A. (1986): *Economía e sociedade no Portugal barroco*, Lisboa, Dom Quixote.
- Kluber, G. (1969): *Art and architecture in Spain and Portugal and their american dominions 1500-1800*, Baltimore, Penguin Books.
- ____ (1972): *Portuguese plain architecture*, Middletown, Harvard University Press.
- Moreira da Rocha, M. J. (1994): *Arquitectura civil e religiosa de Braga nos séculos XVII e XVIII: os homens e as obras*, Braga.
- Moura, C. (1987): *História da arte em Portugal: o limiar do barroco*, Lisboa, Alfa.
- Norberg-Schulz, C. (1972): *Arquitectura Barroca*, Barcelona, Aguilar.
- Oliveira Marques, A. H. de (1974): *História de Portugal*, Lisboa, Palas Editores.
- Pereira, J. F. (1989): *Dicionário da arte barroca em Portugal*, Lisboa, Presença.
- Serrão, V. (2003): *Historia da arte em Portugal, O Barroco*, vol. 4, Lisboa, Presença.
- Smith, R. C. (1968): *The art of Portugal 1500-1800*, London, Weidenfeld and Nicolson.
- ____ (1949): *Arte barroca de Portugal e de Brasil*, Lisboa, Panorama.
- ____ (1962): *A talha em Portugal*, Lisboa, Horizonte.
- ____ (1973): *André Soares: arquitecto do Minho*, Lisboa, Horizonte.
- ____ (1973): *Nicola Nasoni (1691-1773), arquitecto do Porto*, Lisboa, Horizonte.
- Tapié, V. (1991): *Barroco y clasicismo*, Madrid, Cátedra.
- Varela Gomes, P. (1988): *A cultura arquitectónica e artística em Portugal no século XVIII*, Lisboa, Caminho.
- ____ (1987): *O essencial sobre a arquitectura barroca em Portugal*, Lisboa, Imprensa Nacional/Casa da Moeda.
- Veríssimo Serrão, J. (1984): *História de Portugal*, Lisboa, Verbo, vols. V, VI e VII.
- Wölfflin, H. (1991): *Renacimiento y Barroco*, Barcelona, Paidós.
- WV. AA. (1986): *Historia da arte em Portugal*, Lisboa, Edições Alfa.



Javier FERNÁNDEZ PUGA: "Aproximación á arquitectura barroca do norte de Portugal", *Revista Galega do Ensino*, núm. 43, maio 2004, pp. 195-210.

Resumo: Neste estudo introdutorio son explorados os ricos logros arquitectónicos e investigadas as razóns de moitas das súas innovacións. Os edificios da arquitectura Barroca do norte de Portugal reflecten os grandes cambios que tiñan lugar na sociedade e a economía, e tamén expresan o gusto dos patróns e deseñadores. Importantes arquitectos, homes como Nasoni ou Soares, no intento de atopar unha vía a través do granito, produciron traballos que poden compararse co mellor do período.

Palabras chave: Arquitectura. Barroco. Granito. Igrexa-caixón. Estilo chan. Rococó.

Resumen: En este estudio introductorio son explorados los ricos logros arquitectónicos e investigadas las razones de muchas de sus innovaciones. Los edificios de la arquitectura Barroca del norte de Portugal reflejan los grandes cambios que estaban teniendo lugar en la sociedad y la economía, y también expresan el gusto de los patrones y diseñadores. Importantes arquitectos, hombres como Nasoni o Soares, intentando encontrar una vía a través del granito, produjeron trabajos que pueden ser comparados con lo mejor del periodo.

Palabras clave: Arquitectura. Barroco. Granito. Iglesia-cajón. Estilo desornamentado. Rococó.

Summary: This introductory study explores the rich architectural achievements and the reasons for their main innovations. The buildings of Baroque architecture in the North of Portugal mirror the great changes that were taking place in society and economy, and they also express the taste of patrons and designers. Important architects, such as Nasoni or Soares, trying to find a way through the granite, produced works which may be compared with the best of the period.

Key-words: Architecture. Baroque. Granite. Box-church. Plain style. Rococo.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 1-10-03

